

○ **INFORMACIÓN**

Asociación Sociocultural Trebellos

Correo electrónico: asculturaltrebellos@gmail.com

Teléfono/WhatsApp: 644548064

Horario de atención: de luns a venres de 12.00h a 14.00h ou de 17.00h a 19.00h dende o día 22 de maio ata o 19 de xuño, vía whatsapp e chamadas.

○ **INSCRICIÓN**

O prazo de inscrición para o campamento comezará o día 22 de maio as 17 horas e rematará o xoves 1 de xuño as 20 horas.

As inscricións deberán ser depositadas na Ludoteca Municipal de Moaña (Rúa Ramón Cabanillas nº18, Moaña, Pontevedra).

A participación no campamento de verán 2023 realizarase mediante inscrición individual.

As fichas de inscrición poderán descargarse tanto na páxina do concello, no enlace que aparece o final deste documento, como recollelas en diferentes puntos da vila como a Casa da Mocidade, Ludoteca Municipal de Moaña, escolas...

As inscricións realizaranse de xeito manual, debendo ser entregadas nas datas correspondentes e nos lugares habilitados para dito fin.

○ **SERVICIOS OFERTADOS**

As crianzas participantes disporán dos seguintes servizos:

- Programa de actividades de carácter lúdico, sociocultural e formativo, que posibilite a inclusión de todas as crianzas.
- Material necesario para a realización de todas as actividades.
- Equipo técnico especializado en actividades de ocio e tempo libre. No caso de persoas con necesidades específicas de apoio educativo que por razón da súa condición precisen apoio, disporase de persoal que conte coa formación e experiencia para atender as súas necesidades.

○ **DATAS E HORARIOS**

O campamento de verán realizarse dende o día 3 de xullo de 2023 ata o 25 de agosto de 2023.

O horario será de 9 h a 14 h. Podendo ser ampliado este dende as 8 h ata as 15 h, para aquelas familias que precisen conciliación.

- **PARTICIPANTES**

Para poder participar no campamento de verán 2023 as crianzas deben ter nacido entre os anos 2019 (ter cursado 4º de EI) e 2015 (ter cursado 2º EP).

- **PERSOAS CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo)**

As persoas con NEAE recoñecida poderán participar nesta convocatoria cumprindo o requisito de facer constas a súa condición no apartado que figura no formulario de inscrición e achegar o informe médico correspondente, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.

- **ADXUDICACIÓNS DE PRAZAS**

No suposto no que o número de solicitudes supere as prazas dispoñibles, levarase a cabo un sorteo das diferentes quendas semanais.

O sorteo realizarase o día 2 de xuño do 2023 as 18h, en presenza dunha persoa funcionaria do Concello de Moaña que garantirá a transparencia do proceso e se encargarán de levantar acta do resultado do sorteo.

O resultado do sorteo publicarase o día 5 de xuño na páxina web do Concello de Moaña <https://concellodemoana.org>, así como a lista de admitidos. Tamén se procederá a informar de forma telefónica a cada unha das familias que foron admitidas e dos pasos que deberán realizar para formalizar a súa praza.

- **DOCUMENTACIÓN PARA FORMALIZAR AS PRAZAS ADXUDICADAS**

Tras a publicación da lista de admitidos recibírase no correo electrónico un recibo do ORAL que deberá ser abonado nos seguintes días. Nese correo achegarase tamén un decálogo de normas a cumprir para participar no campamento. Todas esta documentación deberá entregarse firmada xunto co recibo da ORAL.

Presentación da documentación: está deberá ser entregada de forma presencial na Ludoteca Municipal de Moaña.

A data límite para entregar a documentación será o 19 de xuño de 2023.

- **ADXUDICACIÓNS DE PRAZAS E LISTA DE AGARDA**

No caso de baixas, se contactará mediante chamada telefónica coas persoas da lista de agarda, seguindo a orde do sorteo realizado.

No caso de non presentar a documentación no prazo ou forma indicado a praza ofertarase á seguinte crianza da lista de agarda.

- **PREZOS**

O prezo para cada quenda semanal será de 25€ por crianza.

- **INSCRIPCIÓNS**

https://drive.google.com/file/d/16wRUkEseg8OYQ8_xDCCNvfvpGqucXzVb/view?usp=share_link